

ΔΙΔΑΓΜΑ

Μ'

Verbos irregulares.

Adverbios e preposicións.

1 Subordinación (causais, consecutivas, condicionais e concesivas).

Formas nominais do verbo (II): o participio

2 A literatura grega (II): Historiografía e Teatro

ΑΝΑΓΙΓΝΩΣΚΕ!

Verbos irregulares

Existen varios tipos de verbos irregulares en grego, pero os máis importantes son os seguintes:

tipos de verbo	carácterísticas	exemplos			
POLIRRIZOS	teñen catro temas distintos (ou moi transformados) para Presente, Futuro, Aoristo e Perfecto	PRES.	FUT.	AOR.	PERF.
		λέγω	ἔρῳ	εἶπον	εἶρηκα
		ὁράω	ὄψομαι	εἶδον	έόρακα
		γίγνομαι	γενήσομαι	ἐγενόμην	γέγονα
		ἔχω	ἔξω	ἔσχον	ἔσχεκα
INCOATIVOS	o seu tema de Presente presenta o sufixo -σκ- / -ισκ-, que non se atopa nos demais	διδάσκω pero Aoristo ἐδίδαξα εὕρισκω pero Perfecto εὔρηκα γιγνώσκω pero Aoristo ἔγνων μιμνήσκομαι pero Aoristo ἐμνήσθην			

CON REFORZO NASAL	o seu tema de presente presenta unha nasalidade (-ν-, -νε-, -ιν-, -αν-), que se perde nos demais	ἐλαύνω pero Aoristo ἤλασα ἀφικνέομαι pero Aoristo ἀφικόμην βαίνω pero Aoristo ἔβην λαμβάνω pero Aoristo ἔλαβον τυγχάνω pero Aoristo ἔτυχον
-------------------------	--	--

Adverbios

O máis cómodo é acudir ó dicionario, aínda que axiliza o traballo de análise e tradución o feito de coñecer algúns.

A maior parte dos **adverbios de modo** derivan de adxectivos e participios, cambiando por -ῶς as desinencias do enunciado:

adxectivo	adverbio
σοφός, -ή, -όν ("sabio, -a")	σοφῶς ("sabiamente")
ἀλεθής, -ές ("verdadeiro, -a")	ἀλεθῶς ("verdadeiramente")

Os **adverbios interrogativos** máis usuais son:

adverbio	significado	adverbio	significado
πῶς;	"como?"	πῇ;	"por onde?"
ποῦ;	"onde?"	πότε;	"cando?"
ποῖ;	"a onde?"	πόσον;	"canto?"
πόθεν;	"de onde?"	ἤ; ἄρα;	non se traducen

Os **adverbios de afirmación e negación** máis frecuentes son:

afirmación		negación	
adverbio	significado	adverbio	significado
ναί	"si"	οὐ, οὐκ, οὐχ, οὐχί	"non"
δή	"certamente"	μή	

NOTA: A diferenza entre οὐ e μή reside en que a segunda se emprega, en xeral, nas oracións que expresan desexo, prohibición, suposición ou temor.

Preposicións

O grego posúe 18 preposicións, que poden rexer os casos Acusativo, Xenitivo e Dativo (algunhas poden rexer máis dun caso). Aínda que todas elas aparecen no dicionario, recoméndase coñecer estas:

preposición	caso	significado	preposición	caso	significado
εἰς	AC	“a, cara a”	σύν	DAT	“con”
ἀπό	XEN	“de, desde”	μετά	AC	“despois de”
				XEN	“con”
ἐκ / ἐξ			ἐπί	AC	“a, cara a”
				XEN	“sobre”
				DAT	“preto de”
ἐν	DAT	“en”	περί	AC	“arredor de”
				XEN	“acerca de”
				DAT	“arredor de”

NOTA: As preposicións teñen un gran rendemento como prefixos uníndose ás raíces verbais. Ás veces o significado que resulta da unión non se pode deducir dos significados separados da preposición e o verbo.

Subordinación: causais, consecutivas, condicionais e concesivas

Os catro tipos de subordinadas que trataremos aquí son denominadas tradicionalmente “adverbiais impropias”, por considerar que funcionan de maneira semellante a un adverbio, pero non exactamente. Esta falta de rigor na definición fixo que moitos estudosos intentasen outras denominacións, nas que non nos imos deter: o que nos importa como tradutores é recoñecer as conxuncións que as introducen.

As oracións **causais** van introducidas, na maioría dos casos, por unha serie de conxuncións que xa vimos noutros tipos: as máis frecuentes son **ὅτι, ἐπεὶ, διότι** e, ás veces, tamén **ὥς**. Todas elas tradúcense por “porque”, “posto que”, “xa que”.

As **consecutivas** son unha especie de causais invertidas: as anteriores fálannos da causa dun suceso, mentres estas o fan dunha consecuencia. Son relativamente pouco frecuentes, dependendo do tipo de texto que se estea vendo. Identifícanse doadamente cando na oración principal aparece o adverbio **οὕτως** (“de tal xeito”), e a consecutiva vai encabezada polas conxuncións **ὥστε** ou, unha vez máis, **ὥς**. A oración principal, ademais, pode levar modo optativo no seu verbo.

As **condicionais e concesivas** forman tamén un par relacionado: as primeiras poñen unha condición para que algo se cumpra, e as segundas falan dun impedimento dunha acción que, con todo, se leva a cabo. As **condicionais** van encabezadas por **εἰ** ou **ἐάν** (que ás veces aparece como **ἤν**); as **concesivas** empregan as mesmas dúas conxuncións, precedidas pola principal copulativa: **καί** **εἰ** e **καί** **ἐάν** (ás veces como **καὶν**).

O participio

O verbo grego, ó contrario que o galego e castelán, ten unha grande abundancia de participios. É conveniente coñecelos bien, pois adoitan ser moi usuais nos textos e, sen comprender ben a súa sintaxe, non se pode realizar un bo traballo de tradución.

É importante ter en conta dúas cousas:

- os participios gregos declínanse todos, e fano dunha forma semellante ós adxectivos.
- tamén, ó igual que os adxectivos, adoitan concordar con algún substantivo da súa oración, en xénero, número e caso, e hai que traducilos a continuación dese substantivo co que concordan.

Ademais de xénero, número e caso, os participios expresan, como os infinitivos (vistos no Tema anterior), tempo e voz. Todos eles aparecen na táboa seguinte:

PARTICIPIOS (declinables e cos tres xéneros no enunciado)										
tempo	PRESENTE		FUTURO			AORISTO			PERFECTO (con redup.)	
	-ων, -ούσα, -ον	-μενος, -η, -ον	-σ-ων, -σ-ούσα, -σ-ον	-σο-μενος, -η, -ον	-θησ-ο-μενος, -η, -ον	-σας, -σασα, -σας	-σα-μενος, -η, -ον	-θείς, -θείσα, -θέν	-κώς, -κυία, -κός	-μενος, -η, -ον
declinación	3ª-1ª-3ª	2ª-1ª-2ª	3ª-1ª-3ª	2ª-1ª-2ª	2ª-1ª-2ª	3ª-1ª-3ª	2ª-1ª-2ª	3ª-1ª-3ª	3ª-1ª-3ª	2ª-1ª-2ª

E esta é a forma en que deben traducirse, como norma xeral:

participio	voz	forma de traducir	exemplo	
PRESENTE	act	xerundio / or. de rel. (verbo en pres.)	λύων	“desatando” / “que desata”
	med-pas	or. de rel. (verbo en pres. pas. ou refl.)	λυόμενος	“que se desata” / “que é desatado”
FUTURO	act	or. de rel. (verbo en fut.)	λύσων	“que desatará”
	med	or. de rel. (verbo en fut. refl.)	λυσόμενος	“que se desatará”
	pas	or. de rel. (verbo en fut. pas.)	λυθησόμενος	“que será desatado”
AORISTO	act	or. de rel. (verbo en pret. perf. simple)	λύσας	“que desatou”
	med	or. de rel. (verbo en pret. perf. simple refl.)	λυσάμενος	“que se desatou”
	pas	or. de rel. (verbo en pret. perf. pas.)	λυθείς	“que foi desatado”
PERFECTO	act	or. de rel. (verbo en pret. perf.)	λελυκώς	“que ten desatado”
	med-pas	or. de rel. (verbo en pret. perf. pas. ou refl.)	λελυμένος	“que se ten desatado” / “que ten sido desatado”

Como se pode ver, nalgúns participios indícase que hai posibilidade de traducilos mediante un xerundio o unha oración de relativo. En xeral, a alternancia entre unha e outra forma de tradución obedecerá a estas posibilidades:

- a) se o participio aparece CON artigo, debe traducirse **como unha oración de relativo** co verbo no tempo que marque o participio (o contexto ayuda):

οἱ **καμόντες** στρατιῶται ἐκοιμήθησαν

(“os soldados que estaban fatigados deitáronse”)

- b) se o participio aparece SEN artigo, normalmente, os **participios activos** traduciranse **por xerundio**, e os **pasivos por participio**; con todo, tamén se poden traducir **por oracións subordinadas**:

πολλοὶ γὰρ ὄντες εὐγενεῖς εἰσὶ κακοὶ

(“pois moitos, sendo ben nados, son malvados”; ou

“pois moitos, aínda que son ben nados, son malvados”)

οὐκ ἂν τοῦτο ἀποκρίναιο μὴ εἰδώς

(“no responderías isto, non sabéndoo”; ou

“non responderías isto se non o soubeses”)

ταῦτα λέξας ἀπῆλθε

(“dicindo isto, marchou”; ou

“despois de dicir isto, marchou”)

A literatura grega: Historiografía e Teatro

1. HISTORIOGRAFÍA

No s. V a.C. xorde a Historiografía como xénero literario, vinculada á cidade de Atenas. A experiencia das Guerras Médicas e a prosperidade ateniense, entre outros factores, fixeron que algúns escritores quixesen deixar constancia dos acontecementos pasados coa intención de que servisen de exemplo para as xeracións futuras. A esta actividade chamóuselle *ἱστορία*, que quere dicir “investigación”; deste substantivo procede a nosa palabra “historia”, así como a disciplina á que da nome. Actualmente non está considerada como un xénero literario, ó contrario que na Antigüidade: non se trataba só de contar os acontecementos, senón de facelo cun determinado estilo e intención estética, igual que se facía cos demais xéneros da Literatura.

1.1. Heródoto de Halicarnaso (ca. 485-425 a.C.)

É o fundador da Historiografía, e o seu modo de escribir foi seguido practicamente por todos os seus sucesores na Antigüidade. A súa perspectiva parécese á dun periodista que conta os feitos que viu e oíu, viaxando por diferentes lugares e escoitando a diversos informadores. O seu propósito, ademais, é conservar os datos históricos e relatar sobre todo as grandes accións humanas: as guerras e loitas polo poder dentro dos distintos pobos -e tamén entre eles-, así como as razóns dos conflitos, tal e como el as interpreta. Para dar verosimilitude e realismo á súa narración inclúe discursos de personaxes importantes, e tamén escenas cargadas de dramatismo.

A obra que conservamos de Heródoto é coñecida co título de *Historias*, e céntrase nas orixes e acontecementos das Guerras Médicas ata o ano 479 a.C.

1.2. Tucídides (ca. 454-399 a.C.)

Nacido en Atenas, tivo unha importante carreira militar, ó final da cal se propuxo contar os feitos da guerra entre Esparta e Atenas da segunda metade do s. V a.C. Por iso a súa obra é titulada habitualmente *Historia da Guerra do Peloponeso*, aínda que está inacabada: pretendía chegar ata o ano 404, e o relato detense no 411.

Ó contrario que Heródoto, que no seu libro cita relatos de tinte case fantástico, Tucídides quere explicar os feitos baseándose nas accións humanas e os seus motivos, aínda que segue certos trazos de estilo do seu antecesor: inclúe discursos (como o de Pericles na honra dos mortos atenienses na guerra) e escenas de alto contido dramático (como o da peste que asolou Atenas no ano 429).

1.2.1. Lectura:

TUCÍDIDES

Καὶ διελθόντος αὐτοῦ πρώτον ἔτος τοῦ πολέμου τοῦδε ἐτελεύτα. τοῦ δὲ θέρους εὐθύς ἀρχομένου Πελοποννήσιοι καὶ οἱ ξύμμαχοι τὰ δύο μέρη ὥσπερ καὶ τὸ πρῶτον ἐσέβαλον ἐς τὴν Ἀττικὴν (ἡγεῖτο δὲ Ἀρχίδαμος ὁ Ζευξιδάμου Λακεδαιμονίων βασιλεύς), καὶ καθεζόμενοι ἐδήουν τὴν γῆν. καὶ ὄντων αὐτῶν οὐ πολλὰς πω ἡμέρας ἐν τῇ Ἀττικῇ ἡ νόσος πρῶτον ἤρξατο γενέσθαι τοῖς Ἀθηναίοις, λεγόμενον μὲν καὶ πρότερον πολλαχόσε ἐγκατασκήψαι καὶ περὶ Λῆμνον καὶ ἐν ἄλλοις χωρίοις, οὐ μέντοι τοσοῦτός γε λοιμὸς οὐδὲ φθορὰ

οὕτως ἀνθρώπων οὐδαμοῦ ἐμνημονεύετο γενέσθαι. οὔτε γὰρ ἰατροὶ ἤρκουν τὸ πρῶτον θεραπεύοντες ἀγνοίᾳ, ἀλλ' αὐτοὶ μάλιστα ἔθνησκον. [...]

Ἐγὼ δὲ οἶόν τε ἐγίγνετο λέξω, καὶ ἀφ' ὧν ἂν τις σκοπῶν, εἴ ποτε καὶ αὐθις ἐπιπέσοι, μάλιστ' ἂν ἔχοι τι προειδὼς μὴ ἀγνοεῖν, ταῦτα δηλώσω αὐτός τε νοσήσας καὶ αὐτὸς ἰδὼν ἄλλους πάσχοντας. Τὸ μὲν γὰρ ἔτος, ὡς ὠμολογεῖτο, ἐκ πάντων μάλιστα δὴ ἐκεῖνο ἄνοσον ἐς τὰς ἄλλας ἀσθενείας ἐτύγχανεν ὄν· εἰ δέ τις καὶ προύκαμνέ τι, ἐς τοῦτο πάντα ἀπεκρίθη. τοὺς δὲ ἄλλους ἀπ' οὐδεμιᾶς προφάσεως, ἀλλ' ἐξαίφνης ὑγιεῖς ὄντας πρῶτον μὲν τῆς κεφαλῆς θέρμαι ἰσχυραὶ καὶ τῶν ὀφθαλμῶν ἐρυθήματα καὶ φλόγῳσις ἐλάμβανε, καὶ τὰ ἐντός, ἥ τε φάρυγξ καὶ ἡ γλῶσσα, εὐθύς αἱματώδη ἦν καὶ πνεῦμα ἄτοπον καὶ δυσώδες ἠφίει· ἔπειτα ἐξ αὐτῶν παρμὸς καὶ βράγχος ἐπεγίγνετο, καὶ ἐν οὐ πολλῷ χρόνῳ κατέβαινεν ἐς τὰ στήθη ὁ πόνος μετὰ βηχὸς ἰσχυροῦ· καὶ ὅποτε ἐς τὴν καρδίαν στηρίζειεν, ἀνέστρεφέ τε αὐτὴν καὶ ἀποκαθάρσεις χολῆς παῖσαι ὅσαι ὑπὸ ἰατρῶν ὠνομασμένοι εἰσὶν ἐπῆσαν, καὶ αὗται μετὰ ταλαιπωρίας μεγάλης. λύγξ τε τοῖς πλέοσιν ἐνέπιπτε κενή, σπασμὸν ἐνδιδούσα ἰσχυρόν, τοῖς μὲν μετὰ ταῦτα λωφήσαντα, τοῖς δὲ καὶ πολλῷ ὕστερον. καὶ τὸ μὲν ἔξωθεν ἀπτομένῳ σῶμα οὐτ' ἄγαν θερμὸν ἦν οὔτε χλωρόν, ἀλλ' ὑπέρυθρον, πελιτνόν, φλυκταίναις μικραῖς καὶ ἔλκεσιν ἐξηνηθικός· τὰ δὲ ἐντός οὕτως ἐκάετο ὥστε μήτε τῶν πάνυ λεπτῶν ἱματίων καὶ σινδόνων τὰς ἐπιβολὰς μηδ' ἄλλο τι ἢ γυμνοὶ ἀνέχεσθαι, ἥδιστα τε ἂν ἐς ὕδωρ ψυχρόν σφᾶς αὐτοὺς ῥίπτειν. καὶ πολλοὶ τοῦτο τῶν ἡμελημένων ἀνθρώπων καὶ ἔδρασαν ἐς φρέατα, τῇ δίψῃ ἀπαύστῳ ξυνεχόμενοι· καὶ ἐν τῷ ὁμοίῳ καθειστήκει τό τε πλεόν καὶ ἔλασσον ποτόν. καὶ ἡ ἀπορία τοῦ μὴ ἡσυχάζειν καὶ ἡ ἀγρυπνία ἐπέκειτο διὰ παντός. καὶ τὸ σῶμα, ὅσον περ χρόνον καὶ ἡ νόσος ἀκμάζοι, οὐκ ἐμαραίνετο, ἀλλ' ἀντεῖχε παρὰ δόξαν τῇ ταλαιπωρίᾳ, ὥστε ἡ διεφθείροντο οἱ πλεῖστοι ἐναταῖοι καὶ ἐβδομαῖοι ὑπὸ τοῦ ἐντός καύματος, ἔτι ἔχοντές τι δυνάμεως, ἢ εἰ διαφύγοιεν, ἐπικατιόντος τοῦ νοσήματος ἐς τὴν κοιλίαν καὶ ἐλκώσεώς τε αὐτῇ ἰσχυρᾶς ἐγγιγνομένης καὶ διαρρόϊας ἅμα ἀκράτου ἐπιπιπτούσης οἱ πολλοὶ ὕστερον δι' αὐτὴν ἀσθενείᾳ διεφθείροντο.

TRADUCCIÓN:

Ó comezo do verán seguinte os peloponesios e os seus aliados entraron outra vez no territorio da Ática por dúas partes, como fixeran antes, levando por capitán a Arquidamo, fillo de Zeuxidamo, rei dos lacedemonios; e logo de establecer o seu campamento, estaban a roubar e tallar as árbores. Poucos días despois, propagouse en Atenas unha epidemia moi grande, que primeiro sufriron a cidade de Lemnos e outros moitos lugares. Xamais se viu en parte ningunha do mundo tan grande pestilencia, nin que tanta xente matase. Os médicos non atinaban co remedio, porque ó principio descoñecían a enfermidade, e moitos deles morrían os primeiros ó visitar ós enfermos. [...]

Falo como quen o sabe ben, pois eu mesmo fun atacado por este mal, e vin os que o padeceron. Aquel ano estivo libre e exento de todos os outros males e enfermidades, e se algúns eran atacados por outra enfermidade, axiña se convertía nesta. Os que estaban sans sentíanse mal de súpeto sen causa ningunha coñecida. Primeiro notaban un forte e excesivo calor na cabeza; os ollos poñíanselles vermellos e inchados; a lingua e a gorxa sanguinolentas, e o alento fétido e difícil de exhalar, producindo continuo esberrar; a voz enronquecíase, e descendendo o mal ó peito, producía gran tos, que causaba unha dor moi aguda; e cando o mal chegaba á zona

do corazón, provocaba un vómito de cólera, que os médicos chamaban “apocatarse”, debido ó cal, no medio de intensas dores, botaban pola boca humores fétidos e amargos; seguía nalgúns un pranto inútil, causante dun pasmo que se lles pasaba de contado a uns, e a outros lles duraba máis. O corpo, por fóra, non estaba moi quente nin amarelo, e a pel poñíase como rubia e mourada, chea de pústulas pequenas; por dentro sentían tan gran calor, que non podían sufrir un lenzo enriba da carne, estando espidos e descubertos. O maior alivio era meterse en auga fría, de xeito que moitos, burlando a vixilancia, se lanzaban dentro dos pozos, forzados polo calor e a sede, aínda que tanto lles aproveitaba beber moito coma pouco. Sen repouso nos seus membros, non podían durmir, e aínda que o mal se agravase, non enfraquecía moito o corpo; pola contra, resistían a doenza máis do que se pode pensar. Algúns morrían daquel gran calor, que lles abrasaba as entrañas ós sete días, e outros dentro dos nove conservaban algunha forza e vigor. Se pasaban deste prazo, descendía o mal ó ventre, causándolles fluxo con dor continua, morrendo moitos de extenuación.

2. TEATRO

A descrición do teatro grego como espectáculo recóllese no Tema 10, no apartado dedicado á vida cotiá. Aquí propoñemos a lectura dun fragmento dunha traxedia e dunha comedia.

2.1. Traxedia

2.1.1. Lectura:

SÓFOCLES; *Edipo Rei* (1181-1195; 1124-1227; 1232-1237; 1286-1287; 1349-1355)

ΟΙΔΙΠΟΥΣ: ἰοὺ ἰοῦ: τὰ πάντ' ἄν ἐξήκοι σαφῇ.

ὦ φῶς, τελευταῖόν σε προσβλέψαιμι νῦν,
ὅστις πέφασμαι φύς τ' ἀφ' ὧν οὐ χρῆν, ξὺν οἷς τ'
οὐ χρῆν ὁμιλῶν, οὕς τέ μ' οὐκ ἔδει κτανῶν.

ΧΟΡΟΣ: ἰὼ γενεαὶ βροτῶν,
ὡς ὑμᾶς ἴσα καὶ τὸ μηδὲν ζώσας ἑναριθμῶ.

τίς γάρ, τίς ἀνὴρ πλεον
τᾶς εὐδαιμονίας φέρει
ἢ τοσοῦτον ὅσον δοκεῖν
καὶ δόξαντ' ἀποκλίνει;
τὸν σὸν τοι παράδειγμ' ἔχων,
τὸν σὸν δαίμονα, τὸν σὸν, ὦ τλᾶμον Οἰδιπόδα, βροτῶν
οὐδὲν μακαρίζω
[...]

ἘΞΑΓΓΕΛΟΣ: ὦ γῆς μέγιστα τῆσδ' αἰὲ τιμώμενοι,
οἱ, ἔργ' ἀκούσεσθ', οἷα δ' εἰσόψεσθ', ὅσον δ'
ἀρεῖσθε πένθος, εἴπερ ἐγγενῶς ἔτι
τῶν Λαβδακείων ἐντρέπεσθε δωμάτων.
[...]

ΧΟΡΟΣ: λείπει μὲν οὐδ' ἂ πρόσθεν εἶδομεν τὸ μὴ οὐ
βαρύτερον εἶναι: πρὸς δ' ἐκείνοισιν τί φής;

ἘΞΑΓΓΕΛΟΣ: ὁ μὲν τάχιστος τῶν λόγων εἰπεῖν τε καὶ
μαθεῖν, τέθνηκε θεῖον Ἰοκάστης κάρα.

ΧΟΡΟΣ: ὦ δυστάλαινα, πρὸς τίνος ποτ' αἰτίας;

ἘΞΑΓΓΕΛΟΣ: αὐτὴ πρὸς αὐτῆς.

[...]

ΧΟΡΟΣ: νῦν δ' ἔσθ' ὁ τλήμων ἐν τίνι σχολῇ κακοῦ;
ἙΞΑΓΓΕΛΟΣ: βοᾷ διοίγειν κληῖθρα καὶ δηλοῦν τινα
τοῖς πᾶσι Καδμείοισι τὸν πατροκτόνον.

[...]

ΟΙΔΙΠΟΥΣ: ὅλοιθ' ὅστις ἦν, ὃς ἀγρίας πέδας
μονάδ' ἐπιποδίας ἔλυσ' μ' ἀπό τε φόνου
ἔρυτο κἀνέσωσεν, οὐδὲν εἰς χάριν πράσσω.
τότε γὰρ ἂν θανῶν
οὐκ ἦ φίλοισιν οὐδ' ἐμοὶ τοσόνδ' ἄχος.

TRADUCIÓN:

EDIPO: Ai, ai!, A verdade descubriuse. Ah, luz! Por derradeira vez vente os meus ollos! Xa é sabido: nacín de quen non debera; con quen non debera casei, e matei a quen menos debía.

(Entra no palacio)

CORO: Ouh, xeracións dos mortais! Como non vou considerarvos máis ca sombras? Quen é o mortal que alcanza unha felicidade máis ca aparente e non está condenado á nada? O teu destino, infeliz Edipo, impúlsame a non chamar feliz a nada na Terra. [...]

MENSAXEIRO (saíndo do palacio): Que cousas ides oír! Que espectáculo ides ver! Que pena vos vai envolver, príncipes ou poderosos desta terra, se é que aínda vos afectan os asuntos da familia de Lábdaco! [...]

CORIFEO: Ás calamidades que xa coñeciamos non lles faltaba nada para ser dignas de toda lamentación. Que tes que engadir a elas?

MENSAXEIRO: Poucas palabras abundan para dicir e entender todo: morreu a divina Iocasta.

CORO: Malpocada! Quen a matou?

MENSAXEIRO: Ela, ela a si mesma! [...]

CORIFEO: Está xa o desgraciado algo máis tranquilo?

MENSAXEIRO: Está berrando que lle abran as portas e que alguén lles amose ós tebanos o parricida.[...]

(Sae do palacio, cos ollos ensanguentados)

EDIPO: Maldito sexa, quenqueira que fose, o que no bosque quitou as cadeas dos meus pés, e así me librou da morte e me devolveu á vida! Maldito o favor que me fixo! Se eu estivese morto, hoxe non sería a tortura dos meus seres queridos e de min mesmo!

2.2. Traxedia

2.2.1. Lectura:

ARISTÓFANES; *As assemblearias* (214-240)

ΠΡΑΞΑΓΟΡΑ: ὥς δ' εἰσὶν ἡμῶν τοὺς τρόπους βελτίονες
ἐγὼ διδάξω. πρῶτα μὲν γὰρ τᾶρια
βάπτουσι θερμῷ κατὰ τὸν ἀρχαῖον νόμον
ἀπαξάπασαι, κούχι μεταπειρωμένας
ἴδοις ἂν αὐτάς. ἡ δ' Ἀθηναίων πόλις,
εἰ τοῦτο χρηστῶς εἶχεν, οὐκ ἂν ἐσώζετο,
εἰ μὴ τι καινὸν ἄλλο περηργάζετο.

καθήμεναι φρύγουσιν ὥσπερ καὶ πρὸ τοῦ:
ἐπὶ τῆς κεφαλῆς φέρουσιν ὥσπερ καὶ πρὸ τοῦ:
τὰ Θεσμοφόρι' ἄγουσιν ὥσπερ καὶ πρὸ τοῦ:
πέττουσι τοὺς πλακοῦντας ὥσπερ καὶ πρὸ τοῦ:
τοὺς ἄνδρας ἐπιτρίβουσιν ὥσπερ καὶ πρὸ τοῦ:
μοιχοὺς ἔχουσιν ἔνδον ὥσπερ καὶ πρὸ τοῦ:
αὐταῖς παροψωνοῦσιν ὥσπερ καὶ πρὸ τοῦ:
οἶνον φιλοῦσ' εὐζωρον ὥσπερ καὶ πρὸ τοῦ:
βινούμεναι χαίρουσιν ὥσπερ καὶ πρὸ τοῦ.
ταύταισιν οὖν ἄνδρες παραδόντες τὴν πόλιν
μὴ περιλαλῶμεν, μηδὲ πυνθανώμεθα
τί ποτ' ἄρα δρᾶν μέλλουσιν, ἀλλ' ἀπλῶ τρόπῳ
ἐῷμεν ἄρχειν, σκεψάμενοι ταυτὶ μόνα,
ὥς τοὺς στρατιώτας πρῶτον οὔσαι μητέρες
σώζειν ἐπιθυμήσουσιν: εἴτα σιτία
τίς τῆς τεκούσης μᾶλλον ἐπιτέμψειεν ἄν;
χρήματα πορίζειν εὐπορώτατον γυνή,
ἄρχουσά τ' οὐκ ἂν ἐξαπατηθεῖη ποτέ:
αὐταὶ γάρ εἰσιν ἐξαπατᾶν εἰθισμέναι.
τὰ δ' ἄλλ' ἐάσω: ταῦτ' ἐὰν πίθησθῇ μοι,
εὐδαιμονοῦντες τὸν βίον διάξετε.

TRADUCIÓN:

PRAXÁGORA: Vouvos demostrar que son mellores ca nós. En primeiro lugar, todas, todiñas elas, remollan a la en auga morna, segundo o antigo costume, e ninguén podería velas facéndoo doutro xeito. Ah! Se Atenas actuase así, e non se lanzase a buscar innovacións, tería asegurada a súa salvación. Tamén cociñan sentadas, como sempre fixeron; levan cargas sobre as súas cabezas, como sempre fixeron; celebran as Tesmoforias, como sempre fixeron; cocen os seus biscoitos como sempre fixeron; anoxan ós seus maridos como sempre fixeron; reciben os seus amantes nas súas casas, como sempre fixeron; compran lambetadas ás agachadas, como sempre fixeron; encántalles o viño sen rebaixar, como sempre fixeron; gozan fodendo, como sempre fixeron. Entreguémoslles a cidade sen máis discusións, sen preguntarnos o que farán: simplemente, permitámoslles gobernar, lembrando que, sendo nais como son, intentarán, antes ca nada, salvar a vida dos nosos soldados. Ademais, quen saberá organizar o aprovisionamento da fronte mellor que as nais que os pariron? Para acumular diñeiro, ninguén é máis hábil ca unha muller, e non se deixará enganar doadamente, porque sabe moi ben como se engana. Xa non digo máis: se me facedes caso, a vosa vida será feliz.

ΈΡΓΕ!

1. Analiza e traduce as seguintes secuencias:

α) Σκυθρωπός εἰμί, ὦ Ἑρμῆ, ὅτι διστυχῶ ἐν τοῖς ἐροτικοῖς

β) Οἱ Ἀθηναῖοι Περικλέα ἐκάκιζον διότι στρατηγὸς ὢν οὐκ ἐπεξάγοι

γ) Κραυγὴν πολλὴν ἐποίουν οἱ στρατιῶται, ὥστε καὶ τοὺς πολεμίους ἀκούειν

δ) Εἰ θεοὶ τι δρῶσιν αἰσχρόν, οὐκ εἴσιν θεοὶ

ε) Ἐὰν τοὺς μαθητὰς συναγάγητε, ἐξετάσομεν τίς ἐστὶν ὁ ἀριστος

ζ) Εἰ ἅπαντες μιμησαίμεθα τὴν Λακεδαιμονίων ἀργίαν καὶ πλεονεξίαν, εὐθύς ἂν ἀπολοίμεθα

η) Τῆς γῆς κρατοῦντες, καὶ εἰ θάλλαττης εἰργοῖντο, δύναιντ' ἂν καλῶς διαζῆν

θ) Ἀδικεῖτε πολέμου ἄρχοντες καὶ σπονδὰς λύοντες

ι) Οὐκ ἔστι πένης ὁ μηδὲν ἔχων, ἀλλ' ὁ πολλῶν ἐπιθυμῶν.

κ) Οὐκ ἔστι πλούσιος ὁ πολλὰ κεκτῆμενος, ἀλλ' ὁ μηδενὸς δεόμενος

2. Analiza e traduce os seguintes textos:

UNHA ENSINANZA DE TALES DE MILETO

Θαλῆς ὁ φιλόσοφος ἔλεγεν· “Τριῶν ἐνεκα χάριν ἔχω τῇ τύχῃ· πρῶτον μὲν, ὅτι ἄνθρωπος ἐγενόμην⁸ καὶ οὐ θηρίον, δεύτερον δ', ὅτι ἀνὴρ καὶ οὐ γυνή, τρίτον δ', ὅτι Ἕλλην καὶ οὐ βάρβαρος”.

⁸ Aoristo de γίγνομαι

ATRIBUTOS DALGÚNS DEUSES

Οἱ πλάσται τὸν μὲν Δία ἀναπλάττουσι γενειήτην καὶ σκῆπτρον ἔχοντα, τὸν δὲ Ποσειδῶνα κυανοχαίτην, τὴν δ' Ἀθηνᾶν παρθένον καλὴν, γλαυκῶπιν, αἰγίδα φέρουσιν, δόρυ ἔχουσιν, τὴν δ' Ἥραν λευκώλενον, βασιλικήν, ἐπὶ χρυσοῦ θρόνου, τὸν δ' Ἀπόλλωνα μειράκιον γυμνὸν ἐν χλαμύδι, τοξότην.

CONCIENCIA DE PERICLES

Περικλῆς, ὅποτε μέλλοι στρατηγεῖν, ἀναλαμβάνων τὴν χλαμύδα πρὸς ἑαυτὸν ἔλεγε· “Πρόσεχε τὸν νοῦν, Περίκλεις, ἐλευθέρων μέλλεις ἄρχειν καὶ Ἑλλήνων καὶ Ἀθηναίων”.

3. Completa os cuestionarios do Curso na Aula Virtual.